

A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, Id. 2 »

Pagos adiantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 58

A CRUÑA 20 DE XUNIO DE 1918

O DEREITO ESPAÑOL

CONTESTANDO A UN ENEMIGO

Anunzo d'unha conferencia de Porteiro

AGARDÁBAMOS que D. Rodrigo Sanz que levó a representación do rexionalismo galego a Barcelona, non deixase sin réplica o parvo artigo que sobre o congreso d'organización xurídica da capital de Cataluña, publicou na *Voz de Galicia Un labrador a la moderna*. Mais aquel artigo fica incontestado.

E como isto non pode ser, xa que en custións políticas, como en toda clase de custións, non val tere razón senón que percisa demostrárese, nós dirixímonos a un dos máis cultos e elocuentes *leaders* do galeguismo, ó catedrático da Universidade de Compostela e notable civilista Lois Porteiro, pra que expuñera a súa autorizada opinión sobre o particular.

Lois Porteiro, dínos que non léu o artigo d'*Un labrador a la moderna*. Di que o leará. Pro entramentres anúncianos que si o atopamos ben, él ofrécese pra dare unha conferencia sobre o asunto na nosa «Irmandade», tan axiña como veña á Cruña. Nada millor. Terá de ser unha conferencia maxis-tral e lumiosa, de vulgarización das custións xurídico-nazonalistas que cantos sexan bos galegos percisan concere.

Porteiro, ó manifestarnos o que antecede, n'unha carta particular escrita a voa pruma, di antr'outras cousas.

«Xa maxino todo o que esbardalla ise tolo citando o Código penal alemán e por ahí... Mais ñora que o Código alemán tivo unha preparación de 96 anos (un século coasementa) de traballo da Escola histórica que estudou o verdadeiro dereito alemán nos diversos tempos... E na España inda non está rematado o estudo dos fueros municipais que son dereito español; inda s'estudaba antes a historia do Dereito español escomezando pol-o romano (deixando o celtibérico).

Nos códigos resulta que o Fuero Juzgo (*Lex Romana Wisigothorum*) non resume

o dereito que se vivía: é dicire, que na mesma época goda os costumes ian por unha banda e as leises pol-a outra.

As Partidas non son dereito español, senón tradución de *dereito romano* até o punto de que estabrecense que no caso de contradición antr'os testos de Xustiniano e os das Partidas, os Tribunaes aplicasen os romanos salvo derogación espresa. Son moito intresantes n'ese aspecto os discursos *Sobre las leyes y sus intérpretes* de D. Francisco de Castro (Madrid 1765), gran xurisconsulto galego.

O Código civil vixente fíxose toleando e a toda presa. Mais de 700 artigos están copiados *ad pedem literarum* do Código francés, fillo da Revolución, individualista e racionalista.

Así dóuse o caso, e dáse, de que o dereito español (o vivido e o histórico) esteña desconecido, e cando Costa escomezou a estudalo de novo samente por unha parte —*Colectivismo Agrario, Doctrinas y Hechos*, Madrid 1898—tivo que adicarlle unha obra que cizáis é a millor d'as que fixo.

Fagámonos agora cárrego da conclusión. ¿Cómo se van chegare a reunir n'un Código as varias manifestacións da vida xurídico-civil española sin un conecimento, depuración, aplicación á realidade e contraste das institucións xurídicas de cada pobo?

Isto quixo e quere a Asambleia de Barcelona: así como no orde xurídico-político soilo ven a madaide a base de variedade, no xurídico-civil non pode imporse o dereito d'unha rexión ás mais, nin o d'un Código copiado e racionalista.

Téñense que recolleitar da realidade todas as formas, peneiralas, concretalas, e dispóis vivirá a obra resume, a obra de conxunto que respetando as variedades forme unha síntesis superior respeitosa con tod'o respetable: tal na Suiza e na Alemaña; tal en Costa na súa teoría do dereito *voluntario e necesario*; tal a libértá civil d'Aragón.

Si hai quen entenda, com'o *Labrador a*

la moderna, que o caso é termos un Código que serva pra todos e impoñelo, con decrarar vixente eiquí o suizo ou o alemán, morra o conto.

Máis non pode ser. Na vida xurídico-civil hai preceitos *universales*—como na política verbigracia a libértade de concencia—e *peculiares*: e estes hai que empezare por concellos, vivilos, depuralos e dispóis metelos n'un molde onde poidan vivire sin apreixamentos.

Oxe todo canto di Costa no *Colectivismo* (moitísimas institucións con vida real na España) están ó marxen do Código.»

Eisí fala Porteiro Garea, o noso gran Porteiro, unha das maiores autoridades que ten o galeguismo novecentista nas custións de Dereito; eisí fala, de primeira intención, n'unha misiva particular escrita a voa pruma, sin consulta de libros e sin propósito de pubricidade. E él que tanto sabe d'estas cousas, darános unha conferencia, sobre d'elas, na «Irmandade», moi axiña. Será abofé intresantísima.

LEMBRANZA PR'ÓS LEUTORES

ANTONIO Losada Diéguez, axiña nos enviará nnhas traducións ó galego de intresantes cousas italianas, francesas e d'outros países.

A NOSA TERRA, é pol-o d'agora o único orgo na imprensa do galeguismo.

Sigue a inspiración dos inteleutuaes de valimento en Galicia.

Repersenta o pensamento e o sentimento de Porteiro Garea, de Losada Diéguez, de Peña Novo, de Cabanillas, de López Abente, de Fernández Flórez, de Rodríguez González, de Cora e Lira, de Quintanilla, de Correa Calderón, de Bidegain, de Banet Fontenla, de Carballa, de Castela, de Veiga, de Vaamonde, de González Fariña, de Villar Ponte, de Vales, de Ares, de Risco, de Viqueira, de Baldomir, de Rodríguez Culebras, de Taibo e d'outros mais que dend'a fundazón das «Irmandades da Fala» loitan pol-o conqwerimento da persoaalidade galega.

QUOSQUE TANDEM...

PRETO de tres anos levan d'autoazón as «Irmandades da Fala» e aínda é iste o día en que son abundosos os que se non decataron da súa finalidade mais prósima, da súa finalidade do momento e dos seus propósitos referentes ó porvir. Moitos son os trabucados e moi numerosos son os ñorantes. Mais non se coide, por isto que decimos, que soio son os de ningunha ou os de pequena cultura os qu'en tal trabucazón viven, non. Xentes de moita sabidanza, individuos de gran aspecto cultural son os maiormente trabucados. ¿Comenza? ¿Deseo d'amostraren un desconocimento que non teñen? *Chi lo sa...*

Hai un feito, ó noso ollar, de grandísima significación dentro d'iste desconocimento dos fins das Irmandades, qu'eiquí vimos comentando. As xentes, os individuos de mais pequena cultura, foron dende os comenzos da autoazón galeguista os que pirmeiramente se decataron d'aqueles fins, e a eles s'abrazaron con forza instintiva e con entusiasmo realmente exemplar. Homes de mais facil comprensión, de mais craro entendimento—eisi son considereados por razóns d'educación e de meio ambiente—se decataron tarde ou cicais se non decataron aínda da finalidade completa do movemento xene-

rado pol-as Irmandades. A sabidanza, sendo boa de cote, hai momentos en qu'estorba. Iste caso concreto das Irmandades amóstrao ben e con toda craridade. Ocorre moitas veces qu'as grandes cantidades de cenza mal inxerida embotan os sentidos e matan toda sentimentalidade faguendo qu'a víscera nobre, o corazón, chegue a ficar reducido simplemente á calidade do orgo fisiolóxico. E, estonces, cando toda iniciativa cordial desaparece, cando as arroutadas xenerosas morren, e soio fican en troques as frias, calculadas, e sistematizadas decisións do cerebro. Por iso, eiscrusivamente por iso, causas como a da redención da nosa patria, que non é outra cousa sinon a nazionalización de Galicia, atopan adoito terreo mais abonado dentro do peito xeneroso, nobre, aberto a toda eispansión cordial d'un *non ilustrado*, que dentro do féretro carnal contedor da espiritualidade culta d'un home ateigado de calculismo frio e razonador. O sentimento nazionalista é puramente cordial. Quen non teña corazón non pode ostentalo.

Agora ben, tendo isto en conta ¿cómo pode eistrañare, cómo pode sorprendere qu'a istas outuras homes de sona—inda qu'cicais falsa—vivan completamente desorientados, enganados ou trabucados, pol-o que

ó noso movemento respeuta? Tales homes non sentiron endexamais a patria, non puideron sentila. Mais pensaron, ó ollar como un movemento redenzonista escomenzaba en Galicia, en vir, faguendo un *alarde patriótico*, a pôrse ó frente d'el porque coidaban, ¡malpocados!, que sin o prestixio do seu nome e da súa austeridade tal movemento fracasaría—ás veces o orgulo e o engreimento disfrázanse coa modestia e a seriedade dos...—E sucedeu qu'o movemento cheo de xuventude, d'ineisperenza si se quere, de acometividade irrefreible, arrolou os vellos ateigados de total-as velleces desbotadas xa por funestas, póndoos a unha veira, arrinconándoos, faguéndolles asistir ó esputáculo dóroso do propio fracaso. I-é por isto pol-o qu'oxe istes vellos dóense, con laios de xenreira, da súa trabucazón, maldecendo a hora funesta, pra eles, en que pensaron entrar no movemento.

Eisi, d'iste xeito, vánse acrarando as fias galeguistas. Soio fican n-elas os bos e xenerosos de que falou o Bardo inmortal, os non trabucados, aqueles que, n-unha verbe, háchase prenamente identificados cō pensamento galeguista. Os outros, o lastre inútil e perxudicial, os cobizosos, os fracasados, vanse retirando: ou ben a maquinaren nas somas as súas babosidades noxentas, ou ben a laiarse do seu fracaso terminante e definitivo. Soio ficamos nós, os que coidamos qu'o problema galego é algo mais qu'un *simple análisis de viños...*

H.

A PAULA ⁽¹⁾

Pr'ó meu amante amigo
Antón Villar Ponte, valente
rexionalista e sabido escritor.

A Paula de Mondoñedo
Anqu'estóu acó tan lonxe
N-o meu curazón a teño.

A campa d'a Catredal
Mesmoa vexo c'os meus ollos
Tan galana e tan lanzal.

A campa d'a Catredal
¡Como chouta de ledicial...
¡Como funga c'o badall...

A Paula d'a miña terra
Qu'ela toca de cotío
Pra qu'eu non fine de pena.

Aló n-o cimbro d'a torre,
D'a vella torre de pedra,
Das sempr'as doce do día
Par'o val e par'a serra.

Y-o dal-as doce do día
Pol-o val de Mondoñedo,
¡Quen non cata par'arriba!...
¡Quen non se lembra do ceyol...

Con maxeza soberana
Fuxen túas badeladas
R'etumbando n-as rilleiras,
N-os penedos e montañas.

Por Corpos e por San Lucas
Como voltexas, campana;
Reiniña de Mondoñedo,
¡Miña campaña Paula!...

Ducia e media fai d'anos
Que me hacho n-Arrentina
E sempre te ouzo, campana;
¡Campaña..., campaña!...

Queira Dios que me non fine
N-esta terra estranxeira!;
Queira Dios que me enterren
Acaron d'a túa igrexa!

Queira Dios que par'a cova,
Como canto funeral,
M'aloumiñen os queixumes
Que ceibas c'o teu badall!

EDUARDO LENCE SANTAR E GUITIÁN.

Mondoñedo.

(1) N-a iauta d'sesión do Concello, de 2 de Xaneiro de 1589, dícese qu'o Cabildro leñaba millenta maravedís por tocar a Paula a morto.

AO MARXEN D'UN PROGRAMA

VERBES CEIBES

AS Irmandades acaban de donar o gran paso que de feito leva ó abranguemento da maioría d'idade. As Irmandades teñen xa o seu programa completo, definido. E iste programa, ateigado de contido galeguista, de substancialidade eistraída da terra, terá de poseere a gran virtude de confundire ós desleigados e ós *pontífices*, ós cobizosos e ós inconscientes.

Quen pensa seriamente, quen de veras desexe a redención patria, a verdadeira redención patria, ten de tornal-os seus ollos ó programa no que se manteñen recollidas total-as nosas arelas palinxenésicas. Non se fala no programa de cativeness, nin se fixo cōs ollos postos, soiamente, n-unha parte de Galicia. E un programa de todos e pra todol-os galegos. N-él podén coincidiren homes de todol-os ideaes. O que non pode sere é, unha vez acoutado iste programa noso, o seguire marcado cō ferro d'unha gandería política. O sere galeguista—e galeguista é quen s'acolla ó programa da Irmandade da Fala—eiscruie a compatibilidade con toda outra disciplina que non sexa a galeguista. Isto repugnará os *vivos* mais nós non autuamos sinon pr'ós bōs e puros. Certas *solidaridades* non se fixeron pr'ós

que comulgamos no santo e nobre amor a Galicia. No galeguismo non pode habere mais qu'unha casta d'homens: os galeguistas. Os adxetivos de partido morren cando os escorrenta a lumiosa verbe: *galeguismo*.

O idearium do galeguismo, contido no regramento programa, eiscribe os fetichismos, non admite ídolos. Non pode, pois, eisistir ninguén n-as fias nosas que leve a cobiza de erixírese en amo. Fique iso das xefaturas pr'aqueles que, por seren nados pra escravos, sinten de cote a nostalxia d'algún a quen homenaxeare dobregando o lombo; pra nós abonda coa disciplina conscente que o noso programa impón. Temos direutores, guías; mais nunca admitiremos endiosamentos. Sendo todos bós ningún é indispensable e cada un de seu cicais valla tanto como o idolo qu'erguen os inconscientes ou os malvados.

Tártarín non fixo a súa entrada na «Irmandade da Fala». N-ela non se soña endexamais. Pénsase de cote no faubre. Mais, non por non soñare a idealidade fuxeu de nós. As nosas testas háchanse ateigadas d'ela e por iso resúltanos tan probe atafegar a cotío o pensamento soamente con estradas, camiños e consumos... Pra nós non teñen a mesma importancia, non poden tela total-as custíós. Antre unhas e outras hai difrenzas fondísimas. I-é por iso pol-o que, xunto ó cisne branco de Platón que levamos no peito, grúñe adormecido ás veces o porco de que falaba Marco Aurelio, porco que, según él levan desperto no peito todol-os homes de negativa ou de nociva vountade...

FEDÓN.

CADRO ENXEBRE

DE PORPAGANDA ELEUTORAL

(HISTÓRICO)

TRES cabaleiros camiñan por unha corre-doiro. N'unha revolta, preto d'un souto frondoso, unha fonte cristiáña e rústeca verte suas augas por un cano de pau n-o rego d'un prado verdecente onde un neno alinda unha xuvenca e duas vellas paran sua labor pra comental-a presenza dos estranos visitantes.

Xunt'a fonte, unha mocíña roiba com'a unha raiola, inxela e facendosa, está lavando con certo señorío.

—¿Como te chamas rapaciña? E bós días nos dé Dios.

—Pois si El nonol-os da, vostedes tampouco.

—Bueno, muller, bueno, pero ¿como te chamas, pódese saber?

—Chámome como me puñeron.

—Vaites, vaites, qu'inda tés ben xenio para ser tan boa moza.

—Eu son com'a Dios me deu; e sin son fea, pol-o medio das guapas inda teño d'ir pasando.

—Non te encabuxes, rapaza. ¿Non vés qu'inda que somos da vila, vimos axudar ós d'aldea; ¿ou seica non nos conoces?

—Nin tampouco lle lo preguntéi.

—Pois nós somos os amigos do segreda-

rio. ¿Sabes si vamos ben por iste camiño pr'a sua casa?

—¡Ay logo vostedes son dos qu'andan as eleiciós?

—¡Vaya, seique nos imos entendendo; os mesmos somos.

—Pois si van ben, iso o saberán vostedes. En canto ó segredario inda que o non atopen non perden nada. ¡Si por estas terras nunca viñera!...

—¿E d'aquela que mosca che picou? Ou tamén tiveches que ver con él?

—Miren, miren, bulras non, iso non se pregunta; xa me parecia c-os amigos d'él...

—Pro según t'espresas...

—Dende qu'inventaron iso das eleiciós todol-os anos suben as rendas e os cartos non chegan pra pagar o Auntamento. Meu irmán Manoel tivo que marchar pr'a Habana. ¡Non, si as mulleres valeramos pra iso!

—Pois pra iso vimos nosoutros, a rebai-xar todo pra que non vos leven os rapaces.

—Leria, leria, cando vostedes andan n-iso, sinal de que lles tén conta. ¿Sabes que me contaba xa miña nai de pequena? «cando os señores andan de limosneiros—coida de t'er pechado teu galiñeiro».

—E inda sabes buscar ben as cóxegas, rapaza. Pro ben, con moza tan espilida as cousas non son como empezan; inda nos hemos d'entender, Dios mediante. Vamos a ver ¿ti queres darnos o teu voto?

—O meu voto xa o teño dado.

—Ay logo xa non agardache as eleiciós. ¿E quen foi o da sorte, muller?

—Miren, ¿sabes o que lles digo? que o que leva o meu voto, probe e todo, inda

non anda pidindo pol-as portas com'a vos tedes. E non me busquen mais, que meterse con quen non-as busca elle cousa dos... amigos do segredario.

—Vaya, non te encabuxes mais que xa te deixamos. Hast'o día da eleición, a ver si d'aquela pensas millor o que dís.

—Hast'o día do xuicio.

L. PEÑA NOVO.

SUSCRIZÓN

aberta entr'as mulleres galegas pra donar-lle unha bandeira a «Irmandade da Fala, da Cruña.

Sras. e Srtas. Blanca Roca de Fraga, 2 pe-setas; Amparo Mariñas, 1; Dominga do Campo de Varela, 0'50; Maruxa Varela de López Torrente, 0'50; de Rodríguez Chás, 2; Maruxiña Rof, 1; Elvira Bao Maceiras, 1; Elvira Iglesias Taboada, 0'50; Manuela Zamora, 0'50; Pilar C. Iglesias de Zamora, 1; Maruxa López Lestido, 0'50; Zoraida Lores de Morero, 1; Mariniña López García, 1; Nieves Ramos de Fernández, 5; Suscrizón de 800 donas de Sada, 150; Lorenza Galán, 1; Rosario Parada, 1; Maruxa García Anca, 1; Teresa Galcerán, 1; Carmen Meléndez, 1; Carmen Bao de Gil, 1; Rosa Martínez, 1.

Efemérides galegas

JUNIO

Día 11

1078. Dase principio á Basílica com-postelá, baixo a dirección do Mestre don Bernaldo.

Día 12

1574. A Justicia e Regimento da cidade de Betanzos, como patrono do Hospital de Nosa Señora d'Anunciata, da poder aos procuradores Anton d'Anido, de Betanzos; a Gonzalo de Vilar, da Audiencia, e a Pedro Alonso de Valotane e a Mariano de Saldienza no Consello de S. M. para pediren información sobre da grande queima e incendio que houbo na dita cidade o ano do 69 ou 70 e da grande festa que nela houbo, para que a S. M. lle faga a mercede e esmola que fore servido para proveito do pobo e reparo do dito Hospital.

Día 13

1756. Bótase á auga, no Ferrol, o navío *Monarca*.

Día 14

1767. Constitucion da primeira congregación da Caridade, na capela do Hospi-

tal de Peregrinos da rua do Espiritu-Santo de Ferrol.

Día 15

1591. O tesoureiro general de Felipe II outorga carta de pago a favor de don Rodrigo de Soutomayor pol-o custo da vila de Vilagarcía co'a sua jurdición.

Día 16

1639. Chega á Cruña a escuadra francesa mandada pol-o Arcebispo de Burdeos, Alrique de Sourdis, empezañdo a combatil-a cidade, pero tuvo que retirarse o día 20.

Día 17

1088. Alfonso VII concede a Igrexa de Lugo moitas vilas e mosteiros, en troque dos danos que lle causara a revolta do conde Oveques.

Día 18

1856. Morre en San Fernando o ilustre general D. Sadurniño Montojo.

Día 19

1897. Morre na Cruña o general don José Sanches Bregua.

Día 20

1588. Dispersión da Armada *Invincible* a vista da Cruña e Ferrol.

PORTUGAL E GALICIA

UNHA FESTA DINA DE LEMBRANZA

NA «Irmandade da Fala» da Cruña houbo un acto moi intresante, fai poucos días. Consisteu n'unha conferencia que estivo a cargo d'un simpático rapaz, fillo da cidade herculina, mais educado en Portugal, que ten primeiro premio no Conservatorio Nacional de Lisboa: o Sr. Fernando Ossorio.

Moita xente acudiu a ouvílo: moitas donas e moitos señores. Tamén representantes das sociedades artísticas da Cruña, e o cultísimo padre franciscano, presidente do notable coro enxebre *Cántigas e Aturuxos*, de Lugo.

Presidiu o acto o dínfimo e culto cónsul de Portugal na Cruña.

Fixo a presentación do orador Antonio Villar Ponte. Inda que brevemente falou de cousas de trascendencia.

Dixo que o galeguismo novecentista tiña a alta misión de reitificar un erro de séculos. Por culpa do centralismo que empequeñeceu á España, Galicia perderá a súa alma e por elo chegará a acentare o eco das cousas aldraxantes pra Portugal como xuicios propios. Portugal por isto ó ollar con receio a España tivo que sentire inda mais desprezo por Galicia. De ninguén como dos irmáns doen as malas aicións.

En por iso, Galicia quere oxe darlle á República viciña a aperta froitífera e trascendente que eisixe un imperativo categórico saído das entranas da raza.

D'unha banda é d'outra banda do Miño o paisaxen, os costumes e as falas son as mesmas. Plasticou este axioma o xenial Castelao n'unha caricatura histórica na que un rapaz dille a un vello petrucio, ant'o paisaxen da fronteira portuguesa: «¿Son más estranxeiros pra nós os da banda d'aló do Miño que os de Madrid?» E o vello rasca a cabeza. E non sabe que contestare ó rapaz.

Galicia quere empalmar o fio racial que pecando contra natura lle fixo romper un centralismo criminoso. Quere que a y-alma moderna de Portugal non sexa mais estrana pra nós que a de Rusia, Francia e outros pobos. Si o sigue sendo pra Castela, nora-boa; pra Galicia, non.

Xa o dixo Pondal n'unha estrofa do noso himno, que temos de cantar sempre:


*A noble Lusitania
os brazos tendé amigos
ós eidos ben antigos
con un punxente afán...
E cumpre as vaguedades
dos teus soantes pinos,
d'uns máxicos destinos,
¡oh grey de Breogán!*

E intelectuás portugueses como López Vieira, e como Ribeiro Carvalho, e outros mais, xa nos abriron os brazos pra que os dous pobos irmáns acaben por estreitarse con lazos eternos pra cumpriren unha outa misión no mundo. Dispóis de todo a lingua nosa é a portuguesa—unha galego modernizado, outra portugués antigo—xa casi comparte a hexemonía no mundo de civilización e colonización latina c'o castelán, e acabará por compartila por enteiro.

A nosa alma atópase viva no Código civil portugués. N'este Código os costumes xurídicos, canto afeuta ó direito consuetudinario da nosa terra está estudado porque é o mesmo de Portugal. No Código civil español, en troques, non. O que proba que por riba d'acidentalismos históricos estén o que teñen d'eterno as nazonalidades naturais. ¡Que lumiosa é agora a caricatura de Castelao de que falamos denantes!

Temos, pois, que pensare sempre como en algo da nosa alma no glorioso Portugal. Até por comenencias de xeito económico, como demostrou moi ben B. Calderón.

Os galeguistas novecentistas imos a esto, resultamente. Xa demos os primeiros pasos.



Eisí como non hai mais qu'unha soia patria, a natural, tampouco hai mais qu'un soio credo que teña de servire pr'á súa salvazón. Iste credo é o que figura no programa das Irmandades. O soio levado á práctica, á aución, terá d'abranguere pra Galicia a redenzón cobizada.

Ou con él ou contra d'él, non hai mais camiño a seguire. Unha santa intranxixenza, a dos homes irmans no ideal santo e puro, é oxe por oxe o valado que nos separa dos dúctiles e maleabres, asequibres fácilmente a todol-os afagos e a todol-os agarimos por intresados e comenezudos qu'istes afagos e agarimos sexan.

Nós non queremos as loubas de ninguén. Nós non queremos a sorriso benévola dos lixados. Mais aínda, arelamos a súa fonda xenreira e temos cobiza da súa carraxe despreciábel. Soio eisí, soio sabendo isto é como nosoutros atopámonos satisfeitos. As simpatías e as benevolenzas de certas xentes abáfanos. Sendo moi odiados é como nos sentimos grandes.



Outros daránse axiña. Pra elo estamos en relacións c'os intelektuáes portugueses. Pra iso faremos a gran festa artística portugués-galaica; na que s'estrenará a obra lusa *Entre Gestas*, de Carlos Selvajén, e a comedia *Man de Santiña*, de Cabanillas. Pra iso divulgaremos a literatura portuguesa, chegando a facer festas da unidade da raza en pobos fronteirizos com'os que fan os catalás en Perpignán, atendendo unha idea do insigne Johan Viqueira.

Imos a algo mais serio que ese rexionalismo, de xeito práctico, sin alma, que pensa que todo consiste en estradas, camiños de ferro, viciñas, inspeución de viños e repartos de consumos. Porque iso non é un ideal. Iso pode leval-o ó seu programa calquer partido, inda centralista. Iso é un problema mediato que todos debemos atender, pro que é capaz de resolvelo o partido liberal ou o conservadore. Iso non afeuta á per-soalidá d'un pobo que ficaría, cheio de todol-os progresos materias, inda mais escravo que nas horas do seu atraso.

Imos os galeguistas novecentistas a facer da morta Galicia unha Galicia viva, capaz de conquistar datas de gloria. Queremos un pangaleguismo da banda d'acó do Miño; e un panlusitanismo da banda d'aló. Elo tra-gueranos a integralidade da raza común. Os pobos que non pensan n'isto; os pobos que se resinan ca súa sorte cativa, filla d'errores históricos, coidándoa irrefitificable, son pobos degradados, pobos viles. Galicia ten aínda, porque comenzan a verse o poder e o querer xuntos nos ideariums novos, obra da xuventude intelectual, esperanzas de cumprir altos destinos na humanidade.

Seguidamente o Sr. Fernaudo Ossorio ocupou a trabua, e dispóis d'unhas verbas de saúdo, leu unha conferencia intresantísima.

Primeiro falou da importancia do arte dramático; do orixe da traxedia, e algo sobre o que él entende que ten de ser o teatro galego. Lembróuse da escola de declamación que fundara o Sr. Sánchez Miño. E logo entrou de cheio no estudo—un estudo sintético, de vulgarización do teatro portugués, dend'os gloriosos tempos de Gil Vicente ó momento actual.—Indicou cales obras portuguesas terían boa acetación en Galicia.

O Sr. Fernando Ossorio, foi moito apraudido.

Logo cantouse o himno nazonal galego. Donas e señores postos de pe. Houbo vivas a Portugal e Galicia. E derradeiramente fíxoselle unha ovación cheia d'amore ó señor Cónsul portugués, coma despedida.

A diretiva da «Irmandade» púxolle un telegrama de sautación o presidente da República portuguesa, no que dábaselle conta da festa.

UN CONTO ENXEBRE

UN ricacho d'aldea non tiña mais herdeiros que dous sobriños e vivía soilo n-a compañía d'unha servidora tan vella n-a casa que xa n-ela lle naceran os dentes. Desque Dios tivo a ben levar á parenta d'o ricacho pra súa gloria, éste coidábase pouco d'os bés e nin pol-a mente se lle pasou casarse de novo. Mais non por eso viña a menos a súa fortúa, pois tiña d'abondo pra manterse, gastaba pouco e contaba d'aforros un fato de tegas de diñeiro, que gardaba como si fose millo, n-unha ucha craveteada e con longos cerrollos.

A vella servidora tiña conecemento d'o tesouro, mais como boa cristiana nunca sintiu por él cobizo nin a ninguén lle fiou o sacreto.

Os dous sobriños d'o noso ricacho que non esquecían que aportándose ben chegarían a herdalo, anque procuraban dinantes que todo os seus eidos y-a súa familia, non deixaban de vez en cando d'agasallar ó seu tío e tiñan o ollo posto n-a súa fortúa, botando as contas de coidalo n-a derradeira enfermidade, de tal xeito, que se vise comprometido a testar n-o seu favor.

Pero socedeu que Dios quixo chamalo en desacordo co'as contas d'os seus sobriños, y-un día de festa ó volver d'a misa d'a parroquia, non sei que lle deu pol-a cabeza, que morréu de súbito.

Ó saber a triste nova os sobriños acudiron voando como si tivesen ás á casa d'o morto. Non tiña volta; o seu tío xa entregara a súa alma ó Criador sin ter tempo de facer testamento.

—Morréu *abintestato*, somos perdidos; a xusticia meteráse pol-a casa e boa gufa levarán os bés—dixeron levando as maus á cabeza ambos a dous.

A vella servidora que choraba a mais non poder, entenrecida oubindo os salayos d'os lexítimos herdeiros d'o seu amo, amostroulles o tesouro, dicindo churumiqueando: «Xa que non pódea ser mais, leven estes cartiños dinantes que veña a xusticia».

A tal ver, alampáronselle os ollos ós herdeiros e sin pensalo millor escomenzaron a valeirar a ucha gardando as tegas en lugar seguro.

Aquelo deulles alentos, e xa canso un deles de carrexar en prata batente e soante, sentouse un anaco, púxose a cavilar, e d'alí a pouco chamou pol-o seu parente e díxolle entr'esconsolado e satisfeito:

—Acúrreseme unha cousa; inda estamos en tempo de salvar d'a xusticia os bés d'o tío. Contamos con diñeiro e temos andada a metá d'o camiño. Namentras ti vas a chamar ó escribano pra que veña a facer o tes-

tamento eu poño o morto muy ben postío n-o leito, prántolle unha corda dende a barba hastra á cabeza, aculto a corda c'un pano de seda e cando ti lle fales decindo á quen e como deixa os seus bés, eu qu'estaréi á cabeceira turraréi pol-a corda semellando que di que sí, según nos conveña. Nos non habemos rifar, partiremos todo como dous hirmaus, y-o escribano darase por galardoado con lle bater diante por diante unha onza en unha peza a cada manda que o difuntiño faga.

—Déixasme pasmado! ¿E sabes que poída ser que coles?

—¿Qué si cola! Nin que non soupera eu o que son estas cousas.

Desconfíome de que chegue a poñer reparos por que non fale o tío.

—Con decir de que se lle barréu a fala e poñer a maores unha onza por cada dubida que teña, que o demo non me leve si non *dá fé* por mais que o morto non latexe, de de que conserva o seu conecemento.

—Pois logo maus á obra.

Dúas horas dempóis, armado d'un tinteiro de corno e d'un fardel de papel sellado, alcontrábase o escribano á veira d'o leito, un

sobriño c'o cabo d'a corda n-a mau e outro ós pés disposto a parolar o testamento.

O escribano prantou as antiparras, colléu a pruma co'a mau dereita e sin perder ollo a canto se facía, dixo con voz severa:

—Xá estamos.

O sobriño que tiña as maus desacupadas púxolle por diante dúas onzas d'ouro, escramando en tono doído:

—Á conta d'o seu traballo.

—O enfermo pode ir dicindo cal é a súa vontade, reprecóu o escribano.

—Barréuselle a fala, pero garda o conecemento.

O sobriño que tiña a corda turróu por ela.

—Pois logo vayan preguntando.

—Non é verdá, señor tío, que vosté quere deixarme por herdeiro de total-as súas rendas?

O d'a corda estivo pra non turrar vendo que o seu parente pidía primeiro pr'o saco; mais armándose de pacencia agardóu pol-a segunda manda e turróu.

O escribano escribóu e recibíu outras dúas onzas a conta d'o seu traballo.

—¿Non é verdá, señor tío, que lle deixa ó seu sobriño Xan, qu'está n-a cabeceira d'o seu leito total-as rendas e bés que ten n-esta alcaldía?

O d'a corda turróu tanto por ela que lle houbo d'estordegar o pescozo ó morto.

ABAFADO

Nos vidros da casa longa
baila a risa do luar,
e bailan, detrás, no monte,
os piniños do pinal.

Nos castiñeiros da porta
cise un reiseñor cantar,
e síntese da fontenla
o mansiño marmuxar.

Aló enriba un carro canta,
acó embaixo ladra un can,
corren tremando no vento
as notas d'un al-a-lá,
y-alí sóa un aturuxo
y-outro aturuxo acolá...

E diante da casa longa,
coma unha pantasma, está
ollando cara as vidreiras
que reločen c'o luar,
un mozo barudo é nobre,
un mozo forte e lanzal,
o ganador das regueifas,
o trovador aldeán,
namorado da mais dôce
rosiña do noso chán.

Ela non sai á ventana,
ela non-o quer ollar,

que esquecéuno certo día
por outro novo galán.

Y-él canta así: Miña rosa,
branca rosa d'este val,
non volvas mais a mirarme
que non me conecerás;
levo na y-alma a pezoña
da risa do meu rival,
joh, miña reinal, e nos beizos
o zume d'unha maldá.
Respeteite cal princesa,
pro, miña amada, verás,
se reparas algún día
na neve das túas mans,
coma n-elas dúas froles
sanguifentas nacerán.»

Salayóu, pasóu un corvo
baticando forte as aas,
e foi pol-a corredoira
camiño do seu lugar,
abafado pol-a bulra
que na triste soedá,
coidaba que d'él facían
no xurro ao cantal-as rás.

GONZALO LÓPEZ ABENTE.

Muxía, 1918.

E así foron seguindo aquela caste de partixas verbales con trazas de testamento, hastra que o escribano deprocatándose d'o engano e colléndolle a dianteira ô sobriño que falaba, preguntou berrando:

—¿Non é verdá, señor tío d'os seus sobriños, que é a súa vontade que d'os bês raíces e rendas que deixa l'entreguen ôs seus lexítimos herdeiros catro mil pesos ô escribano presente que autoriza o seu testamento?

O sobriño que tiña a corda pol-a mau como si esta se lle tollese, non turróu e quedouse como unha estautua.

O escribano repitiu a pregunta berrando mais e agardou a resposta.

O sobriño que turraba, nin xiquera se meneou: como si se volvera de pedra.

O escribano estonces ergueuse, tirou a pruma, sacou as antiparras e dixo con voz de trono:

—Eh, señores, pouco a pouco! Ou se turra d'a corda pra todos ou non se turra pra ninguén.

O d'a corda escomenzou a turrar como si fose un azougado, e si non minto o que o conto reza, escribano e sobriños chegaron a un acordo.

VALENTIN L. CARVAJAL.

Peneirando...

NO xornal *El Noroeste* publícanse de cando en vez, antre artigos de colaboradores moi distintos que saben o que din, outros

de *quero e non poido*. Fai poucas datas límos dous nos que s'aludía ô nazionalismo, amostrando un desconocimento preno do que tal doutrina significa.

Nós, craros com'a auga e sinceiros cal ninguén, pregaríamolle a tales colaboradores que s'austivesen de facer parvadas.

Pra falar de nazionalismo é perciso primeiramente sentir a Galicia por derriba de todo, virándose de costas a todo o que non sexa ela. O demais, o demais... son arroutadas pra engaiolare parvos, ceibadas ô compás ridículo da tan ridícula *Marcha de Cádiz*...



Fai poucas datas límos n-un xornal madrileño qu'un probe inventor español, d'ises que na península dánse como as patacas cando hai boa colleita, despóis d'ofrecere inútilmente o seu invento ô goberno tivo que vendelo ô eistranxeiro. O de cote.

¿Até cando, preguntamos nós, será España a terra dos homes prodixios? ¿Porque eiquí resulta que todo canto hai foi invención española. Até iso do caciquismo—e sinón que llo pregunten ôs galegos—foi invención de maxín español, pro tamén é o único que ficou na casa e... menos mal qu'algo temos.



Bugallal, o noso vello conocido Bugallal, foi asubiado en Alicante. ¡Que disgracia! ¡E logo abraiáranse algús de qu'os galegos re-

pudiémolo, cando os da terra do turrón duro e das non menos duras peladillas non foron capaces de roelo...

O PENSAMENTO D'UN CENTRALISTA

Dinámica e mecánica sociaes

TODO pobo que mellora na súa condizón social, mellora as súas condizóns municipais... As sociedades humanas teñen, como o universo, a súa mecánica e a súa dinámica. É convén á mellor dinámica social qu'a autoridade se non concentre n-un punto, sinón que s'espalle por todo o corpo político, da mesma sorte que s'espalla o sangue por todo o corpo humano, e convén á mellor mecánica social que cada forza teña a súa esfeira d'aución propia, e qu'os orgaísmos vivan dentro dos seus lindeiros, eisistindo ou coeisistindo todos por medio de leises naturaes.

Alí onde o Estado é todo e o Municipio nada, a variedade pérdese na unidade ausorvente e asiática; alí onde o Municipio é todo e o Estado nada, a unidade nazional, necesaria ás sociedades humanas, esmorécese totalmente. Na armonía do Municipio coa provincia, da provincia cô Estado e do Estado cô individuo, n-ista armonía e coesistencia residen a verdadeira dinámica e a verdadeira mecánica social.

CASTELAR.

(8 FOLLETÓN DE «A NOSA TERRA»

Nosos problemas educativos

Conferenza lida pol-o seu autor o docto catedrático i-entusiasta irmán Don JOHAN VIQUEIRA

pecialidade n'os anos d'a súa vida universitaria. N'esta Facultade de Filosofía craro é que temos de crear a cadeira de lingua e literatura galaico-portuguesa.

Na Facultade de Filosofía o exame será único: unha proba derradeira que nos deixe saber si o estudante é capaz de ser un investigador. Isto non pode demostrarse mais que investigando e mostrando que se coñecen os meios precisos d'investigación pra ilo e non recitando (sistema d'hoje) asignaturas. Pra dito exame fará falla ter feito un traballo sobre un tema d'unha d'as asignaturas do grupo (tese) e coñecer os meios d'investigación e fundamentos d'as asignaturas do grupo. Podera éste considerarse composto de tres asignaturas: unha capital e dúas accesorias afís a primeira (sistema alemão). Ao título asin conseguido chamaremos Doutoramento.

A Facultade de Filosofía cumpre aínda, e

acaille cumprir, outra misión: a de formar os mestres secundarios e universitarios. Hoje cousa ningunha se fai na España pol-a preparación do profesorado e unha misión tan trascendental exige que teñamos algún interese por ela. Precísase pois organizarmos a formación pedagógica d'os mestres como se fai n'as Universidades de Europa. O que fai falla son cursos d'estudios e traballos prácticos. Ao fin d'un certo tempo de labore obterá o candidato ao profesorado o título de *licenciado en pedagogía*.

Non fai falla insistire en que a Universidade como a Facultade de Filosofía ten de transformarse, respecto d'os seus métodos porque a ser *científico* ou *técnico* non se daprende mais que facendo ciencia, ou practicando a técnica e non retendo na memoria librotos pra recitalos despóis. Fan falla os laboratorios, as bibliotecas, os traballos prácticos e denantes de todos os homes novos capaces de métodos novos.

Iste é en resume o meu plan d'unha Universidade forte, cheia de saúde, sen verbalismo e sen pedantería que no canto de encher o país de titulados inútils (o que hoje sai de valor e pol-o seu talento e a pesar d'os métodos), chegaría a ser a gloria da

Galicia e un factor d'a súa prosperidade e riqueza.

O meu escepticismo con respecto as reformas feitas *por decreto*, o meu idealismo práctico, lévanme a eu pensare que senón podemos crear de novo a Universidade podemos ao menos facer nascer d'un geito vital e verdadeiro a nosa Facultade de Filosofía (ou seja de ciencias e de letras). Non temos de encomenzar c'un decreto creádoas; hase de emprincipiar c'un ensaio de facultade—¿Cómo pódese facer isto?—Reunindo aos homes adicados á investigación e ao saber da nosa terra e donándolles meios de traballo, deixándoos que según certo plan organicen cursos e conferencias e facendo asin un Instituto científico galego, un verdadeiro Instituto científico galego. Cando dito Instituto se afirmase, cando as súas produccióis prometeran bon camiño convertiríamolo n'unha Facultade de Filosofía.

VIII

Até agora (agás da escola primaria) non faléi do insino e da educación da muller. Non podía faltar eu as tradicións da raza galaica deixando-o relegado. Porque s'iste é un d'os mais grandes erros de España que,

Seición administrativa

Habendo suscriptores cós que non é posible entenderse administrativamente, por mais adverteza e pregos que se faigan, vai a sere perciso, unha vez agotada a pacenza e feita ista derradeira amonestazón, pubrical-os seus nomes, apellidos e señas domiciliarias pra que todo o mundo seipa e conoza ós que d'un xeito tan vergoñoso proceden.

* *

Quen recibe un periódico e non-o devolve ten a obriga ineludible de pagalo xa que cós seu silencio amosra a súa conformidade cós recibo do mesmo, e, polo tanto, con todo aquilo qu'a acentazón d'un boletín leva consigo, isto é, o pago puntual i-esauto.

LIT. E IMP. ROEL.-CORUÑA.

Fábrica de Gorras

— E —

SOMBREIRERÍA

DE

Lois Fernández Vieites

San Andrés, 69-71—A CRUÑA

OBRAS NOVAS DE AUTORES GALEGOS

LINARES RIVAS: *Cuentos de amor y de amores*, 3'50 ptas.—A. REY SOTO: *La Loba*, 2 id.—W. FERNÁNDEZ FLÓREZ: *Silencio*, 3'50 id.—A. PÉREZ LUGÍN: *La Casa de la Troya* (7.ª edición), 4 id.—SOFÍA CASANOVA: *De la revolución rusa en 1917*, 3'50 id.—REY SOTO: *Cuentos del Lar*.

Véndense n'a librería de P. CUÉ & C.ª

Rúa Real, 49.—A CRUÑA

Consultorio Médico-Quirúrxico

J. Lastres

Consulta e tratamento d'as enfermidades en xeneral

ESPECIALIDAES

Pel. (incruso cáncer, lepra, lupus e úlceras atónicas).—*Peito*, *Estómago*, *Anemia*
Reumatismo, *Artritis deformantes*
Neuralgias, *Arterio-esclorosis*
Paralís

Electroterapia, Acroterapia, Sueroterapia, Análisis

RAYOS X

Gabinete Fisioterápico: Consultas de 10 a 12

Tratamentos a prezos e horas convencionaes

Non se fai asistencia ós fogares

Praza d'Ourense, 2-1.º (esquiña a Picavía)

A CRUÑA

GUERRA AOS CALLOS!

Callos, sabaños e ollos de galo
cúranse co

Bálsamo Oriental

Premiado con Medalla d'Ouro na Exposición
de Buenos Aires

Fabricantes: Prudencio López e Fillo - Jerez.
Reperentante: Manuel Sánchez - A Cruña.

De venta n'as boas Boticas

ICANAS A FORA!

Cos productos premeados con Medalla d'Ouro
en Buenos Aires e adoutados pol-o mundo enteiro

Aceite del Serrallo

— Y —

La Jerezalina

DE VENTA EN TODO O MUNDO

Únicos frabricantes: PRUDENCIO LÓPEZ E FILLO - Jerez.

Reperentante: MANUEL SÁNCHEZ - A Cruña.

GRAN FONDA

Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de
mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo
grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de
todos.

Gran Café Méndez Núñez

REAL, 83

O máis perferido e de maor comodidade
pr'ó público. O máis confortabre da Cruña.

Servizo preferente. Artigos garantizados
de toda-las marcas.

GRANDES CONCERTOS DIARIOS

pol-as mellores agrupazóns musicaes

:: :: españolas i-eistranxeiras :: ::

Gran salón de billares no local que ten ó carón
na rúa da Marina

IRMANS:

Probade o rico VIÑO LÁGRIMA,
que sómente o vende

A Tacita de Prata

Rúa Galera, esquina á Fonte San Andrés

A CRUÑA

HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

M. Losada e Fillo

A CRUÑA

FRÁBICA MECÁNICA

:: DE CALZADO ::

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

False cárrego de toda
cras de traballos grá-
ficos, en imprenta, lito-
grafía e fotograbado,
ansí coma sellos de
caucho

A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL

DE TODAS CRAS

FOTOGABADO

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

Os viños e coñas millores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQO, de Xerez da
Fronteira, fundada en 1730. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouth máis selecto

de mundial e de reconecida sona é o CINZANO (Torino).

O Anís do Mono

é un eispréndido licore sin rival

Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Sres. R. LÓ-
PEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—
MADRID.

REPRESENTANTE EISCUSIVO (matriculado) de todas istas marcas:

José C. Juncosa

Galera, 39 e 41 -2.º piso.—A CRUÑA

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

Automovilistas:

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

PALMER

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL
(2.ª EDICION)

Libriño ben impreatado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos.— Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña.— Os suscritores d'iste boletín poderán adquirilo á metade do prezo siñado.

LABREGOS:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas

DE

Romero Hermanos

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,
e Canalejas, 77

FERROL

H. LA PALOMA

— DE —

Ramón Morandeira

Este espléndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da súa cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bó e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastaría de

Xosé Varela

CIRCO, 16-BAIXO - VIGO

FRÁBICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL

—>||<—

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA

FARMACIA «A SILVA»

Produtos nazonaes i-estranxeiros

Ortopedia en xeneral

DEPÓSITO

do Purgante ideial xaponés *Nazarnorima* (puramente vexetal) e do Selo analxésico *Gimen*.

N'esta casa háchanse á venda os *Produtos químicamente puros* do acrétado *Laboratorio de Gonzalo Formiguera*.

GARÁNTANSE OS PREPARADOS

Silva d'Abaixo, 17 A CRUÑA

Waldo Losada


Rego d'Auga, 44

Anís INFERNAL.

Rhun TRINIDAD.

Xinebra Inglesa «Old Tom Gin» TIGRE.

Venta de viños ao por maior de todas as rexións de España.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

LINEA DE HABANA E VERACRUS

Prezo en terceira â Habana	Ptas. 298'60
» » Veracrús.	» 313'60

Facilítanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.